

LOMCE: O último borrador do Real Decreto para o desenvolvemento da disposición adicional 38º referida as linguas propias segue a asegurar o ensino do castelán por riba de calquera outra lingua.

Nesta disposición adicional queda ben claro que se garante por todos os medios o ensino en castelán para quen o queira nas comunidades con lingua propia. Deixa ben á vista o fin dos sistemas de inmersión lingüística, que neste momento só lle afectaría a Cataluña, comunidade na que existen, mais imposibilita que se creen en calquera outra.

Tal e como se indicaba no borrador anterior, se un alumno/a quere recibir o ensino só en castelán e non existe esa posibilidade no centro público que lle corresponda, a administración deberá pagarlle a súa escolarización nun centro privado que si o oferte. A novidade con respecto ao borrador anterior consiste en que os "afectados" deben estar matriculados nun centro privado previamente á reclamación.

Na nosa Comunidade non se esperan demasiadas mudanzas, xa que estamos desde 2010 no marco pretendidamente ideal para o lexislado na LOMCE. Con todo, caberían engadirille a este proxecto, cando menos, tres alegacións:

1. A contradición que supón que no texto legal se recoñeza a constitucionalidade dos sistemas de inmersión lingüística (sexa para o castelán, para a lingua cooficial ou mesmo para unha lingua estranxeira) co feito de que se obriga a un sistema mixto sempre que un alumno/a esixa o castelán como lingua vehicular.

2. A contradición que supón o feito de reclamar igualdade para os dereitos de todos os españois cando só se atenden os dereitos dos castelanfalantes, posto que o

pagamento no centro privado só atende aos que esixan o castelán como lingua vehicular (non aos que esixan outra lingua oficial).

3. A contradición que supón que non valla como solución no sistema público desprazar ao alumno que esixa castelán como lingua vehicular a outro centro, pero si valla que se escolarice mesmo en condicións de interno (polo tanto fóra da súa localidade) nun centro privado sufragado con fondos públicos.

Por último, queremos destacar que este tratamento de linguas de terceira que se lle dá a todas aquelas que non son o castelán, que queda asentada como a lingua oficial e hexemónica, non nos debe distraer dunha cuestión esencial: a desaparición dos contidos galegos de todos os currículos. A identidade, a cultura, a historia, a arte, o medio natural ... do noso país queda fóra dos currículos escolares.